



Ecopropósitos para un 2018 máis verde

Bases para optar ó premio enmarcado na iniciativa “Tropa Verde” e que leva por título “Ecopropósitos para un 2018 máis verde”

PRIMEIRA.- Obxecto e marco de referencia

A campaña que Teimas Desenvolvemento S.L. NIF B70179973, en adiante "Teimas" como a empresa ideadora da Tropa Verde, no ámbito do incentivo da reciclaxe presenta "*Ecopropósitos para un 2018 máis verde*", campaña que inclúe un sorteo no que poderán participar todos os membros da Tropa Verde.

O obxectivo non é outro que dar un paso máis sobre a necesaria tarefa de concienciación cidadá e promover o interese dos cidadáns na iniciativa Tropa Verde, que ten como obxectivo mellorar os índices de reciclaxe, rebaixando os custos de xestión de residuos. Se incentiva o cidadán a reciclar mediante recompensas directas por cada boa acción ambiental a través da súa páxina web.

SEGUNDA.- Mecánica do concurso

Co motivo do inicio do ano 2018 realizarase unha acción de viralización nas redes sociais de "*Ecopropósitos para un 2018 máis verde*", con sorteo de premio.

Para participar no presente concurso os participantes deben seguir as seguintes instrucións:

1. Darlle a "me gusta" na fotografía e na páxina de facebook da Tropa Verde
2. Ser membro da Tropa Verde
3. Comentar nesta publicación o teu "Ecopropósito" para o ano 2018
4. Compartir a publicación

TERCERA.- Ámbito persoal e territorial

Poderán participar neste concurso todos os membros de Tropa Verde, se algún cidadán ou cidadá quere participar e non é membro da Tropa Verde pode darse de alta de maneira moi sinxela en www.tropaverde.org.

CUARTA.- Prazo de participación

O período de participación comeza o **15 de xaneiro ata o 15 de febreiro**.



Ecopropósitos para un 2018 máis verde

QUINTA.- Descripción dos premios

Entre todos os participantes da campaña realizara un sorteo dunha cámara acuática deportiva VicTsing Eypro1:

- Imaxe de 12MP e Vídeo FHD 1080p
- WIFI: Fácil de transferir fotos e vídeos aos seus móbiles ou tabletas.
- Resistente á Auga: Equipada con carcasa impermeable, pode tomar fotos baixo auga ata 30m, perfecto para actividades ao aire libres como natación, surf, etc. Ten función de Gravación de bucle, detección de movemento, tempo de lapsos.
- 170° HD LCD Pantalla: LCD Pantalla de 2 polgadas, lentes de amplo ángulo de 170 graos pode axudarlle a capturar paisaxe impresionante. Lentes de HD vidro crea image clara e boa calidade. Non necesita centrarse.
- Accesorios gratuítos: inclúe carcasa impermeable, soporte de bicicleta, vendaxe, montaxe, cinta adhesiva, etc.

SEXTA.- Gratuidade da participación

A participación neste concurso é de balde.

SÉTIMA.- Condiciones das candidaturas

As candidaturas dos diferentes participantes deben ser presentadas por cada individuo, comentando a publicación e compartinda a mesma; e facilitando o correo electrónico co que utiliza como membro da Tropa Verde.

OCTAVA.- Xurado

O xurado desta campaña estará conformado polos membros do equipo da Tropa Verde.

Teimas queda exonerada de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polos participantes que impedisese a súa correcta identificación.

Teimas resérvase o dereito para efectuar, en calquera momento, cambios que redunden no bo fin do concurso, tales como, a título enunciativo pero non limitativo, ampliación do período do concurso, inclusión de novos premios ou modificación das condicións de participación, ou cando conorra calquera causa de forza maior que impida levalo a termo na forma en que se describe nas presentes bases. Ditas modificacións serán comunicadas na páxina web da Tropa Verde (www.tropaverde.org) e/ou nas redes sociais da Tropa Verde a tódolos participantes.

Teimas non se responsabilizará da perda, avaría ou destrución do premio.



Ecopropósitos para un 2018 máis verde

NOVENA.- Difusión e publicación

1. A Tropa Verde poderá proceder a divulgar a través dos seus propios medios (páxina web da Tropa Verde, redes sociais e comunicados de prensa) os resultados e participación deste concurso.
2. Os gañadores autorizan expresamente o uso das gravacións audiovisuais e fotografías que poidan realizarse durante a súa participación, así como a súa posterior utilización coa finalidade autopromocional da campaña, o que incluírá a súa reprodución e comunicación pública naqueles medios que a Tropa Verde considere oportunos sen límite temporal algún.
3. A participación nesta iniciativa supón a aceptación de todas as bases.

DÉCIMA.-Protección de datos

En cumprimento da Lei 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, TEIMAS comprométese a respectar a intimidade dos datos, que serán recollidos nun arquivo, do que somos responsables. A persoa participante da o seu consentimento para a recollida e tratamento dos seus datos e para enviarlle correos electrónicos. En calquera momento a persoa participante pode cancelar, rectificar ou cancela-los seus datos contactando en info@tropaverde.org ou con Teimas Desenvolvemento S.L, B 70179973, Plaza Pascual Veiga, 7- Entr. A, CP: 15.706

UNDÉCIMA.- Aceptación e interpretación das bases

A participación no mencionado concurso supón a aceptación das presentes bases, así como a aceptación da interpretación que das mesmas puidese facer Teimas e dos criterios que estableza para resolver cantas cuestións derívense do mesmo.

As bases desta promoción estarán a disposición de calquera interesado nas oficinas de Teimas en Santiago de Compostela, e na páxina web <https://www.tropaverde.org/>.

DUODÉCIMA.- Ley aplicable

A lei aplicable á presente promoción será a española

Anexo I

Imaxen da campaña



Ecopropósitos para un 2018 máis verde

ANEXO I

**ECOPROPÓSITOS PARA
UN 2018 MÁIS VERDE**

como reducir o volume de
residuos e refugallos que
xeramos

DO 15 DE XANEIRO AO 15
DE FEBREIRO

TROPAVERDE

WWW.TROPAVERDE.ORG